

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 10 DE XUÑO DE 2013.

En Sada, a 10 de xuño de 2013 sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, na Sala de Conferencias da Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), Concello de Sada.

Asistentes:

- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa das mulleres (Asociación Elas) e da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas). Secretaria da Asociación.
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- Dna. Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- Dna. Carmen Borobio Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegodo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de emprego, promoción económica e turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Florinda Duarte Gerpe, Concelleira de educación, emprego e comercio do Concello de Carral, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPACE).
- Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPANAES).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en calidade de asesor externo da Asociación Mariñas – Betanzos.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior (6 de maio de 2013).

2. RESOLUCIÓN CANDIDATURA RESERVA DA BIOSFERA “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”.

O Consello consultivo Internacional para as Reservas da Biosfera recomendou a aprobación de tres novas Reservas da Biosfera en España, que pasarían a formar parte da Rede Mundial de Reservas da Biosfera, que pasarían a formar parte da Rede Mundial de Reservas da Biosfera, estando entre elas a nosa proposta.

Na 25ª Reunión do Consello Internacional de Coordinación do Programa MaB que se celebrou na sede da UNESCO en París, do 27 ao 30 de maio de 2013.

En representación de “Mariñas – Betanzos” viaxaron a París o Presidente, o Vicepresidente e o Xerente do Programa LEADER, acompañados polo, Subdirector de Programas e Planificación da Xunta de Galicia, representando á Consellería de Medio Ambiente. Esta decisión favorable foi tomada o martes 28 de maio.

Nesta reunión fíxose unha presentación dos dous vídeos elaborados por AeroMedia para a promoción da Reserva da Biosfera, financiados dentro do Programa LEADER 2007-2013.

Infórmase aos asistentes que dende a Oficina Técnica do Programa MaB en España, teñen convocado ao **Xestor da Reserva** da Biosfera a unha reunión do Consello de Xestores que se celebrará en Barcelona os días 13, 14 e 15 de xuño de 2013.

A nova Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” ten pendente de definir os seus órganos de xestión e os órganos unipersonais, que deberán figurar nos Estatutos da Asociación “Mariñas – Betanzos”.

Entre estes órganos unipersonais, atópase o de xestor, nomeado polo Consello de Dirección, polo que a Xunta Directiva acorda que actúe como Xestor, o Xerente da Asociación Mariñas-Betanzos e do Programa LEADER, Jorge Blanco para que poida acudir á devandita reunión.

Na reunión de Xunta Directiva teñen que ser elixidos os 8 representantes das entidades sociais e económicas, que serán membros do Consello de Dirección da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, así como o representante das Entidades de Custodia que estén desenvolvendo a súa actividade no territorio.

Acórdase a Convocatoria do CONSELLO DE DIRECCIÓN, para o día 18 de xuño, ás 11 horas, no Concello de Abegondo.

Ao respecto do anterior, a Xunta Directiva acorda o seguinte:

Os representantes da Asociación “Mariñas – Betanzos” que participaran no Consello de Dirección da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”:

- **PRESIDENCIA.** PRESIDENCIA DO GDR MARIÑAS - BETANZOS
- **VICEPRESIDENCIA.** VICEPRESIDENCIA DO GDR MARIÑAS - BETANZOS
- **XESTOR DA RESERVA DA BIOSFERA.** XERENTE PROGRAMA LEADER MARIÑAS – BETANZOS
- **A XUNTA DIRECTIVA,** ACORDOU QUE OS REPRESENTANTES DAS ENTIDADES SOCIAIS E ECONÓMICAS DA ASOCIACIÓN, FORA UN REPRESENTANTE DE CADA UNHA DAS SEGUINTE **MESAS SECTORIAIS:**
 1. MESA DAS ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
 2. MESA ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA:
 3. MESA ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS E ANPAS.
 4. MESA ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG’S.
 5. MESA DA ARTESANÍA OU DA MESA DE MULLERES.
 6. MESA PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA.
 7. MESA SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO.
 8. MESA SECTOR TURISMO E HOSTALERÍA.

Os representantes das mesas sectoriais na Xunta Directiva, acordan que as entidades de cada mesa representativas foran as seguintes:

- MESA DAS ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS: **FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES EMPRESARIAIS DE AS MARIÑAS** (CULLEREDO)
- MESA ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA: **ASOCIACIÓN CULTURAL LIBRE PADERNE ROXIN ROXAL** (PADERNE)
- MESA ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS E ANPAS: **ASOCIACIÓN CULTURAL CULTURA ABERTA DE CARRAL** (CARRAL)
- MESA ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S: **ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSOAS CON PARALISIS CEREBRAL – ASPACE** (SADA)
- MESA DA ARTESANÍA OU MULLERES: **ASOCIACIÓN ARTESÁNS AS MARIÑAS** (BERGONDO)
- MESA PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA: **CONFRARÍA PESCADORES DE MIÑO** (MIÑO)
- MESA SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO: **ASOCIACIÓN SECTORIAL DE VITICULTURES E ADEGUEIROS DE BETANZOS E COMARCA**. (BETANZOS)
- MESA SECTOR TURISMO E HOSTALERÍA: **ASOCIACIÓN DO TURISMO SOSTIBLE DE A CORUÑA**. (PADERNE).

Acordouse tamén, que o representante das entidades de custodia, fora a Fundación Fragas do Mandeo.

3. PROPOSTA MODIFICACIÓN ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN.

3.1. Órganos de xestión da Reserva da Biosfera.

Seguindo o proceso legalmente recollido, nos Estatutos da Asociación “Mariñas – Betanzos” haberá que introducir un novo título sobre os Órganos de Xestión da Reserva da Biosfera.

Título V bis. ÓRGANOS DE XESTIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”

O Órgano de Xestión para levar a cabo as distintas funcións ligadas á xestión da Reserva da Biosfera está estruturado en **órganos colexiados e órganos unipersonais**.

Os **órganos colexiados** serán os seguintes:

- a) **Consello de Dirección.**
- b) **Comité Executivo.**
- c) **Comité Científico.**
- d) **Comité de Participación.**
- e) **Comisións Técnicas de Apoio á Xestión.**

a) Consello de Dirección

As funcións do **Consello de Dirección** serán:

1. Promover, elaborar e aprobar a execución do Plan de Acción da Reserva de Biosfera.
2. Analizar os condicionamentos económicos e sociais, tanto internos como externos, da Reserva de Biosfera.
3. Identificar as oportunidades que se abren para a Reserva de Biosfera, e posibles liñas de actuación.
4. Velar polo cumprimento dos obxectivos anuais do Plan de Acción.
5. Aprobar as actuacións a levar a cabo no marco del Plan de Acción da Reserva de Biosfera.
6. Aprobar os orzamentos para a Reserva de Biosfera.
7. Vixiar que a xestión económica se faga de acordo aos orzamentos aprobados.

Este **Consello de Dirección** se reunirá como mínimo unha vez cada ano, e estará formado por:

- A Presidencia da Asociación Mariñas-Betanzos.
- A Vicepresidencia da Asociación Mariñas-Betanzos.
- 1 representante de cada un dos Concellos que conforman a Reserva de Biosfera, caso de non estar xa representados e través da Presidencia e/ou Vicepresidencia.
- 8 representantes das entidades sociais e económicas da Asociación “Mariñas-Betanzos”.
- 4 representantes da Xunta de Galicia (Consellerías con competencias en materia de Conservación da Natureza, Ordenación do Territorio e Paisaxe, Agricultura e Desenvolvemento Rural, así como Pesca e Medio Mariño).
- 4 representantes da Deputación Provincial de A Coruña.
- 1 representante do Consorcio de As Mariñas.
- 1 representante do Ministerio con competencias en materia de Costas.
- 1 representante das Entidades de Custodia que están desenvolvendo a súa actividade no territorio.
- 2 representantes do Comité Científico da Reserva de Biosfera.
- 1 representante do Comité MaB de España.
- 2 representantes do Comité de Participación.
- Xestor da Reserva de Biosfera “Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo”.

Por acordo maioritario dos membros do Consello de Dirección poderá mudar o número de integrantes deste Órgano.

b) Comité Executivo

Serán funcións do **Comité Executivo**:

1. Posta en marcha das actuacións recollidas no Plan de Acción e acordadas polo Consello de Dirección.

2. Control, seguimento e avaliación de estas actuacións.
3. Elaborar propostas de actuacións ao respecto dos obxectivos e estratexias da Reserva de Biosfera, para trasladar ao Consello de Dirección.
4. Fomentar o voluntariado e dinamizar o tecido socioeconómico.
5. Aquelas que lle delegue o Consello de Dirección.

O **Comité Executivo** da Reserva de Biosfera se reunirá tantas veces como sexa necesario, e estará formado por:

- A Presidencia da Asociación Mariñas-Betanzos
- 3 representantes dos Concellos.
- 4 representantes de Mesas Sectoriais da Asociación “Mariñas-Betanzos”.
- 1 representante da Deputación de A Coruña.
- 1 representante da Xunta de Galicia con competencias en espazos naturais.
- 1 representante do Comité Científico.
- Xestor da Reserva de Biosfera “Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo”.
- Poderán asistir tamén os membros do Consello de Dirección ou Comité Científico invitados polo Comité Executivo ou polo Consello de Dirección, con voz pero sen voto.

c) Comité Científico.

O **Comité Científico** é un órgano consultivo que ten entre o seus obxectivos identificar e formular propostas, así como asistir á toma de decisións do Consello de Dirección da Reserva de Biosfera e ao Comité Executivo.

Este órgano consultivo proverá de información e análise, para validar a toma de decisións en canto á xestión da Reserva de Biosfera e sobre o grado de cumprimento dos seus obxectivos.

Serán funcións do **Comité Científico**:

1. Identificar as actividades de investigación e experimentación de interese para a Reserva de Biosfera.
2. Formular propostas para o financiamento de actividades de investigación e experimentación.
3. Desenvolvemento de actividades de investigación e experimentación, así como o seu seguimento e avaliación.
4. Asesorar na elaboración e posta en marcha dos Plans de Acción da Reserva de Biosfera.
5. Propoñer e/ou executar estudos e investigacións no ámbito da Reserva de Biosfera, enmarcados nos principios de Conservación, Desenvolvemento Sostible e Educación Ambiental.

Composición do **Comité Científico**:

- Poderán ser membros do Comité Científico aqueles especialistas que teñan sido propostos ben polo Consello de Dirección, ou ben por iniciativa das entidades da Comunidade Autónoma de Galicia que desenvolven actividades de I+D+i coherentes cos obxectivos das Reservas de Biosfera.
- Os membros do Comité Científico serán persoas de reconecida solvencia adscritos a Universidades, Centros de Investigación e Centros de Transferencia Tecnolóxica, ou calquera outra entidade de carácter científico relacionada cos obxectivos da Reserva de Biosfera e acordes cas funcións establecidas para o propio Comité.
- A inclusión dos membros do Comité Científico deberá ser aprobada polo Consello de Dirección, e contarán coa autorización das entidades ás que pertencen.

Os membros do **Comité Científico** se agruparán en 3 grandes áreas e cada área terá un coordinador, nomeado polo Consello de Dirección:

1. Área de Conservación

Composta por especialistas en Biodiversidade, Custodia do Territorio, Auga, Bosques, Medio Mariño e Litoral, Paisaxe e Xeoloxía, entre outros que se considere de interese.

2. Área de Desenvolvemento Sostible

Composta por especialistas en Ordenación do Territorio e Infraestruturas, Agricultura, Gandería e Xestión Forestal, Pesca e Marisqueo, Turismo, Economía e Desenvolvemento Local, Enerxías Renovables, Sostibilidade e Residuos, entre outros que se considere de interese.

3. Área de Apoio Loxístico

Composta por especialistas en Investigación e Observación, Formación e Capacitación, Educación Ambiental e Comunicación, entre outros que se considere de interese.

d) Comité de participación.

O Comité de Participación é o órgano consultivo creado co obxectivo de asegurar a “xestión participativa”. Formarán parte del os diferentes axentes privados interesados en participar activamente na consecución dos obxectivos da Reserva de Biosfera.

As **incorporacións** a este Comité de Participación precisarán da solicitude motivada dirixida ao Presidente do Órgano de Xestión da Reserva de Biosfera, que dará traslado ao Consello de Dirección para a súa incorporación.

Son **funcións** do Consello de Participación:

1. Promover e garantir a participación dos axentes locais implicados e interesados na xestión e desenvolvemento sostible da Reserva de Biosfera, así como artellar os procesos de toma de decisións de “abaixo - arriba”.

2. Constituír un foro de debate e facilitar a interacción da poboación coas administracións, no marco da conservación ambiental e o desenvolvemento sostible.
3. Participar na elaboración e posta en marcha dos Plans de Acción da Reserva.
4. Seguimento do logro dos obxectivos anuais.
5. Recoller as propostas dos seus membros co obxectivo de mellorar a xestión da Reserva de Biosfera.
6. Supervisar as actuacións levadas a cabo e o seu desenvolvemento.

Os seus membros reuniranse como mínimo unha vez cada ano, e estaría formado por representantes de:

- As entidades conservacionistas que desenvolven actividades no territorio.
- As entidades de Custodia que desenvolven actividades no territorio.
- As entidades de educación ambiental.
- As ONG's e entidades de voluntariado ambiental.
- As organizacións agrarias e do sector forestal.
- As entidades do sector da pesca e do marisqueo.
- As organizacións sindicais.
- As organizacións empresariais.
- As empresas e axentes do sector turístico.
- As entidades culturais e veciñais.
- As asociacións de caza e pesca.
- As asociacións de persoas con discapacidade.
- As asociacións xuvenís, de mulleres e maiores.
- Sector das enerxías renovables e da xestión de residuos.
- As organizacións con programas de Responsabilidade Social.
- Calquera outra entidade relacionada cos obxectivos da Reserva.

e) Comisións Técnicas de Apoio á Xestión.

De igual modo, poderán crearse como órganos consultivos **Comisións Técnicas** formadas por técnicos e expertos, e terán entre as súas funcións o apoio e asesoramento técnico ao Xestor da Reserva de Biosfera, ao igual que o Comité Científico, as Comisiones Técnicas se estruturarán en subáreas funcionais e se constituirán por razóns de operatividade, á demanda do Comité Executivo.

Órganos unipersoais

No que respecta aos órganos unipersoais, compóñense dunha **Presidencia**, unha **Vicepresidencia** e unha **Xerencia**. Tanto a **Presidencia** como a **Xerencia** serán membros dos distintos órganos colexiados, si ben a **Xerencia** terá voz pero non voto.

A **Presidencia e Vicepresidencia** do Órgano de Xestión recaerán na Presidencia e Vicepresidencia da Asociación “Mariñas-Betanzos”. A persoa que ocupe a **Xerencia** da Reserva da Biosfera desenvolverá as labores de **Xestor**. Entre as funcións do Xestor da Reserva están as de:

1. Representar administrativamente á Reserva de Biosfera.
2. Representar á Reserva de Biosfera no Consello de Xestores do Comité Español do Programa MaB.
3. Executar o Plan de Acción da Reserva.
4. Executar os acordos e resolucións dos órganos colexiados e da Presidencia.
5. Presentar o orzamento e a memoria financeira.
6. Realización da Memoria Anual de actividades realizadas.
7. Administrar e protexer o patrimonio adscrito á Reserva.
8. Exercer a dirección e xestión directa do persoal adscrito á Reserva de Biosfera.
9. A emisión de informes.
10. Representar á Reserva de Biosfera nos foros locais, nacionais e internacionais que se considere necesarios.
11. Todas as encomendadas polo Consello de Dirección.

3.2. OUTRAS PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 4. Ámbito de actuación.

A asociación terá como ámbito de actuación preferente o dos concellos de Abegondo, Aranga Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, **Curtis**, Miño, Irixoa, Oleiros, **Oza-Cesuras**, Paderne, Sada e **Sobrado**, na provincia de A Coruña, sen prexuízo de que poida estenderse por necesidades operativas dos seus programas e actividades.

3.2. Entidade de aconsellamento.

Para ser entidade de aconsellamento uns dos requisitos é incluír nos estatutos como obxecto social:

Artigo 5.1.i. “Prestación de servizos de aconsellamento ou de xestión ás persoas dedicadas á agricultura, gandería ou á explotación forestal”, así como acreditar o cumprimento dos requisitos sinalados no artigo 4º do Decreto 235/2007, do 29 de novembro polo que se regulan os servizos de de aconsellamento e de xestión das explotacións agrarias.

3.3. Fomento da innovación no medio rural, loita contra o cambio climático, desenvolvemento sostible das zonas costeiras, conservación e posta en valor da paisaxe, a responsabilidade social empresarial e o fomento do emprego e o emprendemento.

Propónse a modificación e incorporación nos fins estatutarios e actividades da asociación, ante os novos retos que se presentan no período 2014-2020 e concretamente na nova Política Agraria Común (PAC), así como pola operatividade no desenvolvemento do Plan de Acción da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”:

“Artigo 5.1.j. Fomentar a innovación no medio rural, especialmente no sector agrícola”.

“Artigo 5.1.k. Promover a loita contra o cambio climático”.

“Artigo 5.1.l. Potenciar o desenvolvemento sostible das zonas costeiras”.

“Artigo 5.1.ll. Fomentar a conservación e posta en valor da paisaxe”

“Artigo 5.1.m. Promover a responsabilidade social entre as empresas do territorio”.

“Artigo 5.1.n. Fomentar o emprego e o emprendemento no medio rural”.

“Artigo 5.2.k. Artellar e poñer en marcha iniciativas de cooperación entre os axentes da innovación, sector produtivo e outros axentes implicados”.

“Artigo 5.2.l. Artellar e desenvolver estratexias encamiñadas ao aforro e eficiencia enerxética, ao fomento das enerxías renovables, á xestión de residuos, ao fomento do emprego e emprendemento verde, así como de información, participación e sensibilización para a sostibilidade”.

“Artigo 5.2.ll. Desenvolver estratexias e actividades para a diversificación económica das zonas costeiras, a valorización dos produtos do mar, potenciación das actividades turísticas sostibles ligadas ao mar e ao litoral, así como artellar iniciativas dirixidas a fortalecer a xestión integrada das zonas costeiras.”

“Artigo 5.2.m. Posta en marcha e desenvolvemento de actividades encamiñadas á catalogación, conservación e preservación da paisaxe, así como o apoio a iniciativas para a custodia do territorio.”

“Artigo 5.2.n. Formular e desenvolver actividades dirixidas á fomentar a agricultura ecolóxica, o emprendemento no sector agrogandeiro, a conservación da variedades locais e razas autóctonas, a comercialización agroalimentaria en circuitos curtos, e en definitiva, todas cantas beneficien a incorporación de novos activos agrarios, á viabilidade das explotacións/industrias agroalimentarias existentes e a mellorar a comercialización dos seus produtos.

“Artigo 5.2.ñ. Fomentar a cooperación entre as empresas e os outros axentes do territorio, desenvolvendo iniciativas enmarcadas na Responsabilidade Social Empresarial e encamiñadas a promover o desenvolvemento sostible e a mellora ambiental do territorio.

“Artigo 5.2.o. Promover as actividades de apoio para mellorar a inserción laborar e o emprendemento ligado á explotación sostible dos recursos endóxenos, a cooperación e colaboración entre emprendedores, así como facilitar estruturas onde os emprendedores poidan compartir recursos.

“Artigo 5.2.p. Calquera outra actividade que poida resultar necesaria ou consecuente coas anteriores.

3.4. Órganos da Asociación

Estando no estado inicial de posta en marcha da Reserva da Biosfera e co obxectivo de poder dar continuidade ás liñas de traballo recollidas no Plan de Acción da Reserva, e tendo en conta ue os Órganos de Xestión da Reserva da Biosfera están compostos polos membros dos órganos da Asociación da Reserva da Biosfera propónse que, tanto, os órganos unipersoais, así como os membros da Xunta Directiva poidan ser elixidos por un período de catro anos. Propónse a seguinte modificación dos Estatutos:

Artigo 11. Órganos da asociación.

“Os órganos unipersoais son, como mínimo, presidencia, vicepresidencia, secretario/a e o/a tesoureiro/a. Os titulares destes órganos son elixidos pola Xunta Directiva de entre os seus membros, por un período de catro anos”.

Artigo 12. Asemblea xeral: composición e funcións.

Incluír o apartado m) Ratificación dos representantes da Xunta Directiva no Consello de Dirección da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Artigo 15.2. “A Xunta Directiva renovarase cada catro anos”.

Ante o requisito do Comité MaB de crear os Órganos de Xestión da Reserva da Biosfera, propónse recoller como competencia da Xunta Directiva:

Artigo 16.2.k. O nombramento dos representantes da Asociación “Mariñas-Betanzos” no Consello de Dirección da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

A Xunta Directiva autoriza a modificación dos Estatutos da Asociación e así mesmo autoriza ao equipo técnico a facer as tramitacións necesarias no Rexistro de Asociacións, unha vez sexan ratificados pola Asemblea Xeral que se celebrará o día 8 de xullo de 2013.

4. PRESENTACIÓN ACTIVIDADES E CONTAS DO ANO 2012, INFORME DE ACTIVIDADES DO ANO 2013 E CONVOCATORIA DE ASEMBLEA XERAL: PROPOSTA DE DATA E FIXACIÓN DA ORDE DO DÍA.

Presentase as contas do ano 2012 e o orzamento para o ano 2013 que son aprobadas pola Xunta Directiva, para ser ratificadas ante á Asemblea Xeral.

Acórdase convocar á Asemblea Xeral Ordinaria para o **luns 8 DE XULLO**, ás 19.00 horas en primeira convocatoria e ás 19.30 horas en segunda, no Salón de actos do Local Social de A Senra do Concello de Bergondo, para a continuación celebrar a Asemblea Xeral Extraordinaria.

A Xunta Directiva acorda como puntos na Orde do día para a Asemblea Xeral Ordinaria: 1) Aprobación se procede da acta da sesión anterior. 2) Informe das actividades desenvolvidas durante o ano 2012 e presentación e aprobación das contas anuais do ano 2012; 3) Proposta de actividades 2013 e do orzamento para o ano 2013; 4) Rogos e preguntas.

Acórdanse como puntos na Orde do día para a Asemblea Xeral Extraordinaria: 1) Aprobación e ratificación da proposta de Xunta Directiva de modificación de Estatutos, para adaptar o funcionamento da Asociación Mariñas – Betanzos como ente xestor da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”. 2) Aprobación e ratificación da proposta de Xunta Directiva, dos representantes da Asociación “Mariñas – Betanzos” que participaron no Consello de Dirección da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

5. SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER 2007-2013.

5.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

5.1.1. MODERNIZACIÓN DUNHA EXPLOTACIÓN DE HORTA EN FIGUEROA L11-41100-29-0136.

Con data 03 de novembro de 2011, o promotor do proxecto “José Antonio Garea” solicitou unha axuda para a modernización dunha explotación de horta en Figueroa. O promotor deste proxecto é unha persoa física, José Antonio Garea Fernández que conta cunha explotación agraria.

Con esta explotación pretende crear o seu propio emprego como autónomo e adicarse a actividade agraria. O proxecto consiste na ampliación das producións coa introdución de variedades tradicionais de produtos de horta en invernadoiros (cebola e repolo de Betanzos; tomate negro de Santiago e Abuela de Osedo).

Os investimentos consisten na instalación de dous invernadoiros, sistema de rego, na adquisición dunha furgoneta e motocultor de segunda man e de ferramentas.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 36.746,43-€ (31.318,54.-€ sen IVE). Esta iniciativa encaixa na medida 411.-Dinamización do sector agrario e forestal.

Con data 15 de maio de 2013, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 78,33 puntos, correspondéndolle un 40 % de axuda do Programa Leader que ascende a 12.527,42-€.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

5.1.2. EDICIÓN MATERIAL PROMOCIONAL: VIDEO DO TERRITORIO MARIÑAS-BETANZOS L13-43100-29-B232

A Asociación Mariñas-Betanzos con data 08/05/2012 ten solicitado unha axuda para a edición de material promocional: vídeo do territorio Mariñas-Betanzos por importe de 2000.-€

O obxecto deste proxecto é a elaboración e edición dun vídeo promocional onde os contidos serían difusión de espazos naturais protexidos; patrimonio e cultura; actividades económicas e tradicionais, etc., todos eles estarían nos concellos do ámbito territorial de “Mariñas – Betanzos”.

O vídeo sería distribuído entre ás diferentes televisións de carácter autonómico, local e nacional; se subiría á páxina web da Asociación e se facilitaría aos Concellos para que o suban as súas páxinas web, e tamén se difundirá a través das redes sociais (facebook, twitter..). Tamén utilizaríase para levar a diferentes eventos.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 2.000-€. Esta iniciativa encaixa na medida 431-B.

Con data 29 de maio de 2013, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 100 puntos, correspondéndolle un 100 % de axuda do Programa Leader.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

A continuación, dase conta dun proxecto aprobado por AGADER, que entrou no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos, despois de ser enviada á Convocatoria.

5.1.3. CEBADEIRO TENREIROS FRISÓNS GALEGOS EN GUÍSAMO”. L12-41100-29-0200

Con data 18 de outubro de 2012, a Fundación “Centro Galego de Solidaridade-Proxecto HOME” solicitou unha axuda para o proxecto “CEBADEIRO TENREIROS FRISÓNS GALEGOS EN GUÍSAMO L13-41100-29-200”.

A entidade promotora do proxecto é a Fundación “Centro Galego de Solidaridade-Proxecto HOME” que realiza actividades dirixidas á reinserción laboral de persoas en risco de exclusión social, especialmente toxicómanos. Esta Fundación vai adaptar un local situado na Finca de Bos en Guísamo, para adicalo a cebadeiro de terneiros Frisóns Galegos para 500 prazas, localizando os cebadeiros na finca en Bós, Guísamo (Concello de Bergondo) cedida pola Consellería do Medio Rural e do Mar.

Este proxecto vai incidir positivamente na inserción sociolaboral de persoas en risco de exclusión social, en especial de persoas con adicións, xa que a explotación gandeira será levada por persoal deste colectivo coa supervisión de profesionais.

Investimentos do proxecto: obra civil, maquinaria, honorarios da elaboración do proxecto e certificacións de obra, custo licencias.

Con este proxecto a entidade promotora adquire o compromiso equivalente á creación dun emprego colectivo desfavorecido por conta alléa (1 UTA).

Os investimentos deste proxecto ascenden a 220.342,37-€ (264.149,83.-€ IVE incluído).

Con data 24 de maio de 2013, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 59,83 puntos, correspondéndolle un 39.92 % de axuda do Programa Leader. A axuda ascende a 87.960,67.-€ .

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

5.1.4.- EXPEDIENTES PENDENTES DE RECIBIR O INFORME DE CONTROL DE ELIXIBILIDADE E QUE LEVAN MÁIS DE DOUS MESES EN AGADER

Os seguintes expedientes levan máis de dous meses en Agader e foron aprobados pola Xunta Directiva o ano anterior. Preséntanse de novo para actualizar a data de aprobación pola Xunta Directiva.

5.1.4.1. Creación clínica veterinaria en Abegondo (L11-41300-29-0154).

- **Entidade promotora:** FRAGA PIÑEIRO SC EN CONST
- **Descrición:** Creación dunha clínica veterinaria que vaise especializar na atención de cans e gatos ofrecendo ademais un servizo de perruquería. Tamén queren extender o servizo a outras especies animais.
- **Emprego:** Adquire o compromiso de creación dun emprego autónomo colectivo desfavorecido.
- **Investimentos:** A obra civil de acondicionamento do local, equipo e instrumental da clínica, utensilios de perruquería, equipamento de oficina e o rótulo publicitario.
- **Importe investimentos:** 45.319,30.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 45% **Axuda:** 20.393,69.-€

5.1.4.2. Dinamización e diversificación do sector agroforestal. Ampliación servizos no medio rural (L12-41300-29-190).

- **Entidade promotora:** Agroforestal Candal S.L
- **Descrición:** Este proxecto produtivo consiste na mellora e ampliación da empresa de servizos no medio rural, especialmente en materia de aproveitamento forestal e agrogandeiro. Con este proxecto preténdese mellorar os servizos prestados as explotacións forestais e agrogandeiras, especialmente no tratamento e procesado de biomasa
- **Emprego:** Non se adquire o compromiso de creación de emprego.
- **Investimentos:** Trituradora-descachopadora (martelos), desbrozadora-trituradora (de brazo), remolque forestal, tractor con grupo electrógeno móbil, esteladora-fendedora, trituradora de praderías e embolsadora de gran.
- **Importe investimentos:** 273.860,95.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 33,5% **Axuda:** 91.743,42.-€

5.1.4.3. Aforro enerxético na alimentación en explotacións (L12-41100-29-192).

Entidade promotora: CUSOVIAME S.C.G

- **Descrición:** Adquisición dun carro mesturador para a realización das mezclas unifeed nas explotacións agrarias, para deste xeito aforrar custos enerxéticos das explotacións agrarias mediante a compra de maquinaria de xeito conxunto, coa finalidade de optimizar recursos, mellorar as producións e a calidade de vida dos agricultores.
- **Emprego:** Adquírese o compromiso de creación dun emprego colectivo desfavorecido
- **Investimentos:** Un carro mesturador.
- **Importe investimentos:** 164.000.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 43,5% **Axuda:** 71.340.-€

5.1.4.4. Ampliación de actividades do Club de Tenis a Pedralba (L11-41300-29-0142).

- **Entidade promotora:** CLUB DE TENIS A PEDRALBA
- **Descrición:** Este proxecto pretende mellorar os servizos existentes de pádel, ademais de crear un ximnasio dotando un local do club co equipamento necesario. Tamén quérese equipar un local, propiedade do club, para adicalo a local social. Deste xeito os asociados disporán dun lugar de reunión e de ocio.
- **Emprego:** Adquírese o compromiso de creación dun emprego colectivo desfavorecido
- **Investimentos:** Equipamento do ximnasio, equipamento do local social, instalación de cuberta na pista de pádel.
- **Importe investimentos:** 133.061,94.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 44,92% **Axuda:** 59.771,42.-€

5.1.4.5. Creación empresa de enerxías renovables especializada en enerxía eólica (L11-41300-29-0132).

- **Entidade promotora:** T'VENTO INGENIERÍA MINIEÓLICA S.L.
- **Descrición:** O proxecto consistiría na posta en marcha dunha oficina técnica, centro administrativo, de comercialización e de elaboración dos proxectos situada na localidade Espiritu Santo (Concello de Sada) nun local de aluguer. Tamén na creación dunha empresa de elaboración de proxectos e deseño de instalacións fotovoltaicas e de enerxía minieólica, ademais de instalacións de aeroxeradores e placas fotovoltaicas.
- **Emprego:** Adquírese o compromiso de creación dun emprego autónomo, colectivo desfavorecido
- **Investimentos:** Mobiliario, equipos informáticos, lizezas software, colocación de lámparas e enchufes no local, ferramentas, vestiario do instalador, anemómetros para medición do vento, postes e mástiles de medición, banderolas de publicidade, dous aeroxeradores demostrativos e a obtención de certificación e patentes dos postes de medición do vento.
- **Importe investimentos:** 39.374,39.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 32,50% **Axuda:** 12.796,68.-€

5.1.4.6. Creación campo de Pitch and Putt en Paderne (L12-41300-29-0162).

- **Entidade promotora:** AS MARIÑAS PICH AND PUTT SOCIEDADE LIMITADA
- **Descrición:** Este proxecto produtivo consiste na construción dun campo de Pitch and Putt no lugar de Chedas na parroquia de Velouzás do Concello de Paderne, coa finalidade de ofrecer un servizo deportivo e de ocio no Concello de Paderne (non existe este servizo no Concello).
- **Emprego:** Adquírese o compromiso de creación dun emprego equivalente a media xornada , colectivo desfavorecido.
- **Investimentos:** Obra civil da construción do campo
- **Importe investimentos:** 210.716,49.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 45% **Axuda:** 94.822,42.-€

5.1.4.7. Implantación dunha empresa de fabricación de pezas de madeira para o sector da carpintería (L11-41300-29-0122).

- **Entidade promotora:** PILAR PRADO SEOANE
- **Descrición:** O proxecto consiste na creación dunha empresa para a fabricación de pezas e elementos de madeira principalmente para o sector da carpintería.
- **Emprego:** Adquírese o compromiso de creación dun emprego.
- **Investimentos:** Construción da nave e na adquisición da maquinaria necesaria para o desenvolvemento da actividade.
- **Importe investimentos:** 297.844.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 43% **Axuda:** 120.000.-€

5.1.4.8. Mellora tecnolóxica e produtiva en industria dedicada á fabricación de mobiliario industrial y comercial (L11-41300-29-0118).

- **Entidade promotora:** ELMADE S.L.
- **Descrición:** O proxecto consiste na ampliación da actividade co obxecto de realizar unha mellora tecnolóxica e produtiva nunha industria adicada á fabricación de mobiliario industrial e comercial, a través da incorporación de maquinaria cun alto nivel tecnolóxico e de automatización.
- **Emprego:** Adquire o compromiso de creación dun emprego, colectivo desfavorecido.
- **Investimentos:** Mobiliario e maquinaria necesaria para á ampliación da empresa: un centro de traballo CNC, aplacadora de cantos, sistema de retorno, instalación aspiración, instalación eléctrica para a conexión das novas máquinas, equipo informático, e acondicionamento da entreplanta.
- **Importe investimentos:** 329.292.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 26,5% **Axuda:** 87.262,38.-€

5.1.4.9. Modernización empresa madeireira en Oza dos Ríos(L11-41300-29-0128).

- **Entidade promotora:** HERMANOS GARCÍA ROCHA S.L.
- **Descrición:** Adaptación dunha superficie da nave do proceso de serradoiro, adicada na actualidade ao almacenamento do serrín xerado ao final da cadea do proceso de produción. Esta nova adaptación da superficie adicarase á produción de mangos de madeira (un novo produto).
- **Emprego:** Non adquire o compromiso de creación de emprego.
- **Investimentos:** Obra civil da nave
- **Importe investimentos:** 49.292,42.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 37,5% **Axuda:** 18.484,66.-€

5.1.4.10. Creación centro hípico en Carral (L12-41300-29-0182).

- **Entidade promotora:** ROBERTO ARES MOSQUERA
- **Descrición:** Creación dun novo centro hípico en Carral. Este novo centro vaise adicar ao aluguer de caballerizas, clases de ensino de equitación e aluguer de cabalos para efectuar rutas de sendeirismo.
- **Investimentos:** obra civil do centro hípico, proxecto e dirección de obra, custo das licencias e adquisición do terreo.
- **Emprego:** Adquire o compromiso de creación dun emprego a media xornada colectivo desfavorecido.
- **Importe investimentos:** 175.229,77.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 44,25% **Axuda:** 77.539,17.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable destes expedientes, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

5.2. EXPEDIENTES PENDENTES DE RECIBIR O INFORME DE CONTROL DE ELIXIBILIDADE E QUE LEVAN MÁIS DE DOUS MESES EN AGADER.

Tendo en conta o réxime de axudas do Programa Leader onde establécese que o prazo para a verificación do ICE será de dous meses contados dende a data de entrada do expediente no rexistro xeral de Agader e que transcorrido o citado prazo sen pronunciamento expreso entenderase que o ICE foi verificado favorablemente. Os expedientes que levan máis de dous meses en Agader son os seguintes:

5.2.1. PUNTO DE DEGUSTACIÓN EN ADEGA EN PADERNE (L11-41100-29-0188).

Entidade promotora: BODEGAS VIÑA ARTABRA S.C.

Descrición: Este proxecto consiste na creación dun punto de degustación nunha adega que estase construíndo en Paderne dotada con equipos produtivos e maquinaria para obter un produto de máxima calidade e establecer unha zona de cata do produto.

Emprego: A entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego

Investimentos: Mobiliario sala degustación

Importe investimentos: 3.830.-€ **Porcentaxe de axuda:** 39,75% **Axuda:** 1.522,43.-€

5.2.2. AMPLIACIÓN VIVEIRO PARA MULTIPLICACIÓN DE VARIEDADES TRADICIONAIS (L13-41100-29-0212).

Entidade promotora: PABLO LÓPEZ CALVIÑO.

Descrición: Este proxecto produtivo consiste na ampliación dos actuais viveiros multiplicadores para evitar a polinización cruzada e potenciar as liñas de produto de variedades tradicionais como a Cebola e Repolo de Betanzos. Por outra banda o novo viveiro vaise utilizar para catalogar e identificar a semente da leituga de Feáns, ademais de facer traballos de experimentación e de selección do tomate Negro de Santiago.

Emprego: O promotor adquire o compromiso de creación dun emprego colectivo desfavorecido.

Investimentos: 4 invernadoiros con pantalla térmica e control de clima (medida 8 x 95 m); sistema de rega; sistema de aboado; cámara de xerminación; nivelación e adecuación do terreo; instalación eléctrica; cimentación, pavimentado e malla para o terreo

Importe investimentos: 159.174,42.-€. **Porcentaxe de axuda:** 45% **Axuda:** 71.628,49.-€

5.2.3. AMPLIACIÓN DE SERRADOIRO EN VILACOBA (L12-41300-29-164).

Entidade promotora: Maderas J.Seoane S.L.

Descrición: Este proxecto consiste na ampliación da actividade dun serradoiro en Vilacoba coa instalación dunha máquina específica para montaxe de palets e deste xeito incrementar o volume de actividade e contribuir á mellora das condicións de traballo dos operarios.

Emprego: A entidade promotora non se adquire o compromiso de creación de emprego.

Investimentos: Adquisición da máquina para facer palets

Importe investimentos: 30.000.-€ **Porcentaxe de axuda:** 40,92% **Axuda:** 12.276.-€

5.2.4. AMPLIACIÓN DA ENTIDADE ADICADA A REFUXIO DE ANIMAIS II (L12-41300-29-170).

Entidade promotora: ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS GATOCAN

Descrición: Este proxecto consiste principalmente na dotación de enerxías renovables ao centro de acollida de animais “Gatocan” e deste xeito reducir custos de mantemento. Por outra banda, con este proxecto vaise ampliar as instalacións do centro adicada a recoller animais abandonados coa creación dunha gateira para o coidado de gatos

Emprego: A entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego.

Investimentos: Instalación de placas solares e construción dunha gateira.

Importe investimentos: 106.995,06.-€ **Porcentaxe de axuda:** 50% **Axuda:** 53.497,53.-€

5.2.5. AMPLIACIÓN ACTIVIDADES SERRADOIRO DE MADEIRAS EN BETANZOS (L12-41300-29-0174).

Entidade promotora: VISECORS S.L.

Descrición: A empresa quere incrementar as actividades da sociedade coa incorporación da fabricación de viruta e posta en funcionamento dun serradoiro adquirido en maio de 2011.

Emprego: Adquírese o compromiso de creación de dous empregos colectivo desfavorecido

Investimentos: Adquisición da maquinaria de fabricación e a caldeira

Importe investimentos: 348.111.-€ **Porcentaxe de axuda:** 44,33% **Axuda:** 120.000.-€

5.2.6. RESIDENCIA TERCEIRA IDADE EN BRIBES (CAMBRE) (L12-41300- 29-0194).

Entidade promotora: CENTRO 3º EDAD RESIDENCIAL BRIBES (CAMBRE)

Descrición:. Este proxecto produtivo consiste na construción dun novo local para crear 16 prazas de Residencia para a terceira idade na parte superior dun edificio adicado a mesma actividade

Emprego: A entidade promotora adquire o compromiso de creación de dous empregos colectivo desfavorecido

Investimentos: Obra civil, mobiliario, furgoneta para o transporte das persoas da terceira idade, licencias e proxecto.

Importe investimentos: 197.715,74.-€ **Porcentaxe de axuda:** 45% **Axuda:** 88.972,08.-€

5.2.7. CREACIÓN RESTAURANTE DE PRODUCTOS DO TERRITORIO E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS(L12-41300-29-0198).

Promotor: ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ

Descrición: Creación dun restaurante onde vaise utilizar practicamente na súa totalidade os produtos do territorio Mariñas-Betanzos (pan de Carral, queixo de Abegondo; produtos hortícolas do territorio, mexillóns de Lorbé, viño de Betanzos...). Ademais con este proxecto vaise potenciar o patrimonio cultural do lugar, reforzando o interese do Camiño Inglés. Así mesmo, nunha finca anexa, proxectarase un “Bosque Medieval”, funcionando o Conxunto como Centro de Interpretación do Medioevo.

Emprego: O promotor adquire o compromiso de creación dun emprego colectivo desfavorecido.

Investimentos: Obra civil, equipamento do restaurante, honorarios proxecto e dirección de obra, adecuación do camiño e pedra para esculpir figuras medievais.

Importe investimentos: 141.511,71.-€ Porcentaxe de axuda: 45% Axuda: 63.680,27.-€

5.2.8. AMPLIACIÓN DA ACTIVIDADE DUNHA EMPRESA DE SERVIZOS AMBIENTAIS (L12-41300-29-0210).

Entidade promotora: NAGAR SERVICIOS AMBIENTALES S.L.N.E.

Descrición: Servizos de xestión medioambiental para empresas e administracións públicas en materia forestal, residuos, augas... Tamén ofrece servizos de formación en medio ambiente e prevención de riscos laborais. Tódolos servizos descritos foron desenvolvidos dende o domicilio familiar da aministradora da sociedade ou desprazándose ó lugar en que se atopa cada clienter. Este novo e pioneiro servizo consiste na atención e acompañamento do propietario forestal en tódolos ámbitos, asesorando dende o momento da compra dunha propiedade ou a plantación da mesma, ata o momento da venda da madeira pasando pola taxación independente da madeira, asesoría xurídica medioambiental, elaboración de proxectos, trámites coa administración, subvencións e asesoría sobre as plantacións.

Emprego: A entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego

Investimentos: Adquisición e adaptación do local, creación páxina web, adquisición do mobiliario e equipamento para o desenvolvemento da actividade.

Importe investimentos: 70.476,76.-€ Porcentaxe de axuda: 37,5% Axuda: 26.428,79.-€

5.2.9. ESTUDO PARA A MEIORA DE OPORTUNIDADES DE EMPREGO A TRAVÉS DA XESTIÓN SOSTIBLE DA TERRA E DO TERRITORIO (L13-43100-29-B224)

Entidade promotora: Asociación Mariñas-Betanzos

Descrición: Elaboración dun estudo que ten como obxectivo principal dotar aos desempregados, entidades, administracións e toda aquela persoa, ligada a sectores relacionados coa xestión da terra e do territorio de Mariñas-Betanzos principalmente dunha ferramenta para a identificación de oportunidades de emprego ligadas á xestión sostible da terra, estudando os usos tradicionais e potenciais da terra e analizando a aptitude que poderían ter.

Investimentos: Elaboración do estudo e custo de persoal que coordina a súa elaboración.

Importe investimentos: 5.940.-€ Porcentaxe de axuda: 66,39% Axuda: 3.943,72.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable destes expedientes, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

5.3. PREVISIÓN EXPEDIENTES QUE PODEN SOLICITAR PRÓRROGA.

5.3.1. AMPLIACIÓN CAMPO DE GOLF EN LARÍN (ARTEIXO) ” L10-41300-29-0046

A entidade promotora “HERCULES CLUB DE GOLF” ten que xustificar os investimentos para o cobro da axuda da anualidade 2013 antes do 1 de xullo de 2013.

Esta pendente da obtención da licenza de apertura polo que contéplase a solicitude de prórroga antes do remate do período de execución.

No Réxime de axudas do programa Leader o beneficiario da axuda poderá solicitar a Agader, a través de GDR, unha prórroga antes do remate do prazo de xustificación, coa indicación dos motivos que a xustifican e o período de prórroga.

A Xunta Directiva autoriza esta prórroga no caso de que sexa presentada.

5.3.2. AMPLIACIÓN EMPRESA DEDICADA AO COMERCIO AO POR MAIOR” “L10-41300-29-0054

A entidade promotora “YAÑEZ FERRETERÍA E MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN S.L.” ten que xustificar os investimentos para o cobro da axuda da anualidade 2013 antes do 31 de xullo de 2013, polo que cabe a posibilidade de que a entidade promotora solicite unha prórroga.

A Xunta Directiva autoriza esta prórroga no caso de que sexa presentada.

5.4. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS AO PROGRAMA LEADER.

5.4.1. NAVE COMPLEMENTARIA Á IMPLANTACIÓN DUN CAMPO DE CEPAS PARA PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE CASTAÑO HÍBRIDO.

Con data 31 de maio de 2013 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos documentación para un posible proxecto do Programa Leader “NAVE COMPLEMENTARIA Á

“IMPLANTACIÓN DUN CAMPO DE CEPAS PARA PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE CASTAÑO HÍBRIDO”

A promotora do proxecto é unha enxeñeira agrónoma que na actualidade conta cun campo de cepas madre para produción e comercialización de castaño híbrido a partir de material de base de reprodución tipo clon, deste xeito quere recuperar o castaño do territorio Mariñas-Betanzos que en moitos lugares do territorio estivo a piques de desaparecer.

Con este proxecto quere construír unha nave de planta de 78 m² para destinala a usos de vestiario, aseos, oficina, almacén e zona aseptica para manexo de micelios na produción de castaño híbrido polo método de acodo baixo.

Investimentos do proxecto: construción da nave.

Con este proxecto a promotora non adquire o compromiso de creación de emprego.

Ten cabida na medida 411 (Dinamización do sector agrario e forestal- Investimentos no sector agrario) do Réxime de Axudas do Programa Leader, no apartado de incorporación de variedades tradicionais.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 56.902,45.- € (47.026,81.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 47,66 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 33,83% (15.909,17.-€) sobre un orzamento elixible de 47.026,81 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

5.4.2. AMPLIACIÓN EMPRESA DE SERVIZOS FORESTAIS. Expediente L13-41100-29-0234.

Con data 29 de maio de 2013, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “AMPLIACIÓN EMPRESA DE SERVIZOS FORESTAIS”.

A entidade promotora do proxecto “MADERAS REBOREDO S.L.” está ubicada en Castelo (Culleredo) e adícase a compra e tala da madeira para posteriormente vendela a serradoiros e particulares. Tamén presta servizos de limpeza de montes.

Esta empresa en proceso de crecemento, necesita contar cun cabezal procesador específico para descortezado da madeira de eucalipto. Na actualidade conta cun cabezal procesador non específico para este tipo de madeira e ademais non é suficiente para atender a demanda.

Esta empresa conta co certificado da cadea de custodia; certificación BM TRADA; ISO 9001:2000

Con este proxecto a entidade promotora adquire o compromiso de creación de 0,25 empregos colectivo desfavorecido.

Investimentos do proxecto: cabezal procesador.

Ten cabida na medida 413 (DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA) do Réxime de Axudas do Programa Leader, no apartado de ampliación de PEMES.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 15.000.- € (12.396,69.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 46,25 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 33,13% (4.107,02.-€) sobre un orzamento elixible de 12.396,69 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

6. NOVIDADES DA ASOCIACIÓN:

6.1. ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN EN FEIRAS DO TERRITORIO.

- FESTA DO PAN DE CARRAL (11 E 12 DE MAIO DE 2013): Levouse información do GDR Mariñas – Betanzos que estivo a disposición de todas as persoas nun stand compartido co Concello de Carral.

Dende o GDR Mariñas – Betanzos continúaase co traballo de dar a coñecer as principais producións agroalimentarias locais, e tentar facilitar o contacto entre os produtores locais e os establecementos de restauración e aloxamentos do territorio a través de eventos de diferente índole.

Seguimos apostando pola comercialización en “circuitos curtos” e queremos seguir traballando na liña co compromiso e apoio dos produtores e produtoras da comarca, agardando que a declaración do territorio como Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” sirva tamén de estímulo para diferenciar as nosas producións e facilitar a súa comercialización nos mercados de proximidade.

O equipo técnico do GDR Mariñas – Betanzos, está colaborando cos organizadores das seguintes feiras, ofrecendo aos produtores un espazo nelas para poder promocionar o seu produto.

- FEIRA EMPRESARIAL DE CAMBRE (14, 15 E 16 DE XUÑO DE 2013)
- FEIRA DO VIÑO DA TERRA DE BETANZOS E PRODUTOS LOCAIS (10 E 11 DE AGOSTO DE 2013)

6.2. XORNADA “OPORTUNIDADES DE EMPRENDEMENTO CON PRODUTOS LOCAIS NA RESERVA DA BIOSFERA “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”: O CULTIVO DO LÚPULO”.

Dende o GDR Mariñas – Betanzos conscientes das dificultades actuais na procura de traballo por conta allea, unha das vías fundamentais para a xeración de emprego e crecemento socioeconómico

pasa por apostar polo emprendemento e o autoemprego. Cómpre polo tanto fomentar e apoiar ideas emprendedoras co obxecto de facilitar a súa materIALIZACIÓN en iniciativas con capacidade real.

Así tomando como alicerces a potencialidade do territorio, “Mariñas – Betanzos” está a identificar e difundir oportunidades de emprego en actividades económicas de valor engadido vinculadas ao sector agroalimentario.

Así, o día 5 de xuño de 2013, celebrouse coa colaboración do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo esta xornada que contou co seguinte Programa:

- Apertura da xornada.
- cultivo do lúpulo en Mariñas – Betanzos.
- lúpulo: Aspectos gastronómicos do cultivo
- lúpulo: Recollida e procesado.
- Cultivo do lúpulo como oportunidade de emprendemento: comercialización e cooperativismo.
- Elaboración e cata de cervexas artesas.
- Cata comentada e peche da xornada.

6.3. PROXECTO DE COOPERACIÓN TERRITORIOS RURAIS COMPROMETIDOS NA LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO.

Os días 3 e 4 de xuño de 2013 celebrouse en Abegondo unha reunión de coordinación deste proxecto de cooperación, do que “Mariñas – Betanzos” forma parte como entidade asociada. A esta reunión asistiron os Grupos asociados: Estepa Sierra Sur; Adri Valladolid Norte; Ceder La Serena; Adesval; CEIP La Rioja e a coordinadora da asistencia do Proxecto.

Programa técnico: - Aprobación acta da reunión celebrada en decembro de 2012; - Estado de execución das accións realizadas no 2013; - Xustificación do proxecto; - Proposta de constitución de Asociación.

TENSE ACORDADO NA ÚLTIMA REUNIÓN DE COORDINACIÓN, PROPOÑER A CONSTITUCIÓN DUNHA ASOCIACIÓN DE GRUPOS A NIVEL ESTATAL, PARA CONTINUAR A TRABALLAR NOS OBXECTIVOS DO PROXECTO.

A Xunta Directiva acorda participar na constitución desta Asociación.

6.4. PROXECTO DE COOPERACIÓN: NOVOS HORIZONTES.

O día 19 de xullo de 2013, celebrárase en Santiago de Compostela a “Xornada Final” deste Proxecto de Cooperación do que “Mariñas – Betanzos” forma parte como entidade asociada. Os obxectivos desta xornada son:

- Presentar o principais resultados do proxecto de cooperación “Novos Horizontes” (2010-2013).

- Identificar liñas de continuidade co obxectivo de trasladar propostas aos PDRs (2014-2020) de Galicia e Asturias.
- Visibilizar a importancia da recuperación e conservación das variedades locais para a gastronomía actual.
- Dar a coñecer as variedades locais cultivadas nas parcelas demostrativas polos produtores participantes.
- Valorar gastronómicamente as variedades locais cultivadas nas parcelas demostrativas e visualizar ao seu interese para unha alimentación sana e saudable.

7. ROGOS E PREGUNTAS

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 21.30 horas.

En Sada, a 10 de xuño de 2013

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace Presidencia

Asdo.: D. José A.Santiso Miramontes